



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

**DESCRICIÓN DECRETO:** Formación da bolsa de traballo persoal laboral temporal axente de igualdade

### **DONA MARIA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA)**

Vistas as puntuacións que constan nas actas do Tribunal Cualificador de datas 28/05/2021 e 31/05/2021 e de acordo coas bases da convocatoria para a formación da bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais como axente de igualdade, aprobadas por Decreto de Alcaldía núm. 157/2021 de data 03/05/2021.

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1 g) da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases de réxime local polo presente, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a bolsa de traballo para realizar contratación laboral temporal como axente de igualdade segundo o sinalado no punto doce das bases de selección co/as candidatos/as que obtiveron alomenos seis puntos na fase de oposición ( base 9.2.):

#### **BOLSA DE TRABALLO AXENTE DE IGUALDADE**

- 1.- LORENZO BERMEJO TAMARA ( XXX4844XX).- 11,80 PUNTOS
- 2.- CHAMADOIRA DOMINGUEZ JENNIFER ( XXX8615XX).- 10,40 PUNTOS
- 3.- LOREDO GARCIA ANA ISABEL ( XXX1317XX).- 9,60 PUNTOS
- 4.- SISO CALVO VANESA RUT ( XXX0606XX).- 9,60 PUNTOS
- 5.- FERNANDEZ VENTUREIRA NOELIA ( XXX0320XX).- 8 PUNTOS
- 6.- FERNANDEZ VAZQUEZ SANDRA SALOME ( XXX6930XX).- 7 PUNTOS
- 7.- MOREDA CARRIZO ROSANNA ( XXX9478XX).- 6,10 PUNTOS.

Tendo en conta os criterios establecidos na base 11.3. no suposto de empate nas puntuacións finais de dous ou máis aspirantes:

**“ Base 11.3. No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes acudirase aos seguintes criterios ata que se resolva:**

*- O empate resolverase pola orde alfabética do primeiro apelido, e de ser igual, polo segundo, a partir da letra "Y", seguindo o resultado do sorteo feito público por Resolución do Conselleiro de Facenda, do 29 de xaneiro de 2021, pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, publicado no Diario Oficial de Galicia, número 24, do 5 de febreiro de 2021. No suposto de que non exista aspirante ningún co primeiro apelido que comece pola letra indicada pasarase a letra seguinte e así sucesivamente.*

*En defecto, de todo o anterior, o empate resolverase por sorteo cuxa realización se anunciara, para*

*a posible presenza dos aspirantes afectados, sinalando o lugar, día e hora da súa celebración, mediante anuncio publicado cunha antelación mínima de corenta e oito (48) horas na páxina web do Concello, sen prexuízo da súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello.”*

LOREDO GARCIA ANA ISABEL E SISO CALVO VANESA RUT CON 9,60 PUNTOS

1.- **LOREDO GARCIA ANA ISABEL**

2.- **SISO CALVO VANESA RUT**

**SEGUNDO.-** Publicar este decreto de formación de bolsa de traballo no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web aos efectos oportunos.

Decretoouno a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, o secretario

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- JORGE BOADO FERNANDEZ

